

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA EN RELACIÓN COA SITUACIÓN DA ATENCIÓN SANITARIA EN CUNTIS

Ao pleno da Corporación de Cuntis

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A atención sanitaria en Cuntis leva anos sendo fonte de queixas veciñais polas súas deficiencias. Na actualidade estas carencias poden concretarse en ausencias de facultativos que moitas veces non se substitúen, nos longos períodos de tempo que cómpre agardar para obter cita, na escaseza de horas que o servizo de pediatría ofrece no noso centro de saúde, etc. O malestar veciñal é amplo e vén de longo. A indignación entre os veciños e veciñas de Cuntis agravouse cando o pasado mes de agosto a Consellaría de Sanidade, en resposta precisamente ás queixas dos veciños e veciñas de Cuntis, afirmou que a atención sanitaria era '*eficaz*'.

A Xunta de Galicia non só deteriorou coa súa política de recortes a prestación sanitaria en todo o País, incluíndo por suposto o noso concello, senón que amosa unha actitude arrogante e soberbia ao non tomar nin tan sequera en consideración o sentir veciñal.

Ante esta situación, o Grupo Municipal de Veciñanza solicitou o pasado mes de agosto a convocatoria dun pleno extraordinario para avaliar a atención sanitaria que recibimos os veciños e as veciñas de Cuntis. Entendemos que estamos ante un asunto de máxima prioridade, polo que a Corporación debера adoptar, ao noso parecer, unha postura común para loitar pola mellora do servizo sanitario que se presta no noso concello.



veciñanza

moción

Logo de avaliar a situación entre os catro grupos municipais, Veciñanza propón a adopción dunha serie de medidas para comezar a traballar en conxunto, sen prexuízo das achegas que o resto de grupos desta Corporación desexen facer.

Por estes motivos, propónse ao Pleno do Concello de Cuntis a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Inicio dunha campaña de recollida de sinaturas impulsada polo Concello de Cuntis para visibilizar o malestar veciñal en torno á situación do centro de saúde e a súa posterior presentación ante a Consellaría de Sanidade.
2. Campaña informativa impulsada polo Concello de Cuntis para sensibilizar sobre a importancia da presentación de queixas por escrito nos casos nos que sexa necesario.
3. Convocatoria semanal dunha concentración veciñal no centro de saúde para expresar o malestar por esta situación.
4. Solicitude dunha reunión coa Consellaría de Sanidade na que estean representados todos os grupos da Corporación para informar aos/ás seus/súas responsables da situación real que se presenta o centro de saúde de Cuntis.
5. Creación dunha mesa de seguimento da atención sanitaria na que estean incluídos todos os sectores da nosa vila.

Cuntis, 8 de setembro de 2017

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López